

PROCESO 2021-2022

O alumnado que está cursando estudos de Ciclos Superiores de FP do IES As Fontiñas durante o presente curso poderá solicitar a súa participación no Erasmus para realizar a FCT durante o próximo curso.

O proceso será o seguinte:

- unha vez que se informe na aula por parte do profesorado, realizarase unha convocatoria de **reunión informativa en Teams** por parte da Coordinación Erasmus do instituto. A asistencia a esta reunión é moi importante para valorar o nivel de motivación do alumnado. Necesitamos que o alumnado interesado escriba ao correo electrónico do programa que aparece abaixo para poder convocarvos a reunión informativa en Teams.
- poderán descargarse formularios (= solicitudes) dende a páxina Web (Aula Virtual de Erasmus) que o alumnado interesado deberá cubrir e entregar por correo ou en persoa antes do 22 de xaneiro de 2021.
- ao final do curso (posiblemente en xuño) haberá outra reunión para ver a evolución académica e posibles descartes de estudantes da lista de solicitantes ou asignación de becas no caso de ter que realizar a FCT en setembro. No caso destas persoas que viaxan en setembro teremos as reunións que sexa necesario (o alumnado deberá estar presente en todas as reunións ás que sexa convocado)
- en febreiro volverá reunirse ao alumnado que deba realizar a FCT en marzo. Posiblemente se realice algunha outra reunión antes desta última.
- a hora de tomar a decisión de facer a FCT fóra, tedes que ter en conta a situación de pandemia causada polo **COVID19** que estamos a vivir. Tedes que estar dispostos a enfrontarvos a situacións complexas ao longo dos tres meses.

- manterase a comunicación a través do correo electrónico e de Whatsapp. Por este motivo é preciso que o alumnado escriba correctamente o seu enderezo de correo electrónico na solicitude. A profesora Alejandra Vázquez, coordinadora do programa Erasmus no IES As Fontiñas estará á disposición das persoas interesadas dentro do seu horario asignado a tal fin e tamén a través do correo electrónico do programa:

erasmus.fontinas@gmail.com